

O ESTUDO DA INFANCIA E DA ADOLESCENCIA DESDE A PERSPECTIVA HISTÓRICO-EDUCATIVA. PERFÍS POSÍBEIS PARA A INVESTIGACIÓN ACTUAL

THE STUDY OF CHILDHOOD AND ADOLESCENCE FROM THE HISTORICAL-EDUCATIONAL PERSPECTIVE. POSSIBLE PROFILES FOR CURRENT RESEARCH

María Eugenia Bolaño Amigo

Universidade de Santiago de Compostela
mariaeugenia.bolano@usc.es

RESUMO

Achegarnos aos antecedentes con respecto ao estudo da infancia e da adolescencia desde a perspectiva histórico-educativa sitúanos ante o estado actual das investigacións neste eido e, igualmente, permítenos trazar novos horizontes a partir de retos e interrogantes que fican por resolver. Mediante esta aproximación historiográfica pretendemos ofrecer un percorrido que, tendo presentes as principais mudas acontecidas desde os incipientes traballos desenvolvidos a partir dos anos sesenta do século pasado, suscite novas posibilidades para a investigación en torno á infancia e á adolescencia na actualidade.

Palabras chave: Infancia; adolescencia; historiografía; Historia da Educación; investigación histórica.

ABSTRACT

Approaching the antecedents related to the study of childhood and adolescence from the historical-educational perspective, places us before the current state of research in this field and, likewise, allows us to draw new horizons from challenges and questions that remain to be resolved. Through this historiographical approach we intend to offer a route that, bearing in mind the main changes that have taken place since the incipient works developed from the sixties of the last century, give rise to new possibilities for research on childhood and adolescence today.

Key-words: Childhood; adolescence; historiography; History of Education; historical research.

ANTECEDENTES NO ESTUDO DA INFANCIA DESDE OS EIDOS HISTÓRICO E HISTÓRICO-EDUCATIVO

O estudo da infancia e da adolescencia constitúe un ámbito de recente atención no contexto da investigación histórica e histórico-educativa, en particular. Pese a que os historiadores se “dedicaron tradicionalmente a explicar a continuidade e o cambio no transcurso do tempo, coa conciencia de que desde Platón a infancia é unha das claves para iso” (DeMause, 1994:16) pode detectarse unha tradicional ausencia de estudos sobre os suxeitos infantís e adolescentes. Esta ausencia foi en ocasións atribuída á escaseza de fontes; nesta liña cita DeMause (1994) as preguntas que Peter Laslett formula no seu texto do 1965 *The world we have Lost* sobre os “silencios” das testemuñas da infancia e da adolescencia, así como a pesimista afirmación de Bossard (1948) sobre as dificultades para escribir a historia da infancia debido á escaseza de datos históricos sobre a mesma.

Así, os suxeitos infantís, pese a estar paulatinamente presentes nos estudos e traballos procedentes das máis diversas áreas científicas durante o século XIX, estiveron practicamente ausentes na historiografía aínda durante as primeiras décadas do século XX, tanto na historiografía positivista como mesmo na historiografía dos *Annales*¹, sendo só a partir dos pasados anos 60 cando o seu estudo comezou a abordarse dun modo sistemático (Bajo Álvarez e Betrán Moya, 1998), en coincidencia coa renovación dos obxectos de estudo histórico. Ademais, pode detectarse no decurso historiográfico, segundo sinala Sanchidrián (2010)², que ata os últimos anos estes estudos centraron a súa atención máis na infancia que na adolescencia.

A infancia fora, en todo caso, un obxecto de atención propio de horizontes considerados “non especificamente históricos” (Caspard, 2001). Etnólogos e folcloristas tiñanse dedicado a describir os ritos e costumes das sociedades denominadas “tradicionalis”, entre os cales tamén chegaron a destacar os relativos á infancia e á adolescencia³. Por isto mesmo, o enfoque etnográfico será adoptado por parte dos historiadores a partir dos anos 70, “suscitando a grande moda dos arquivos e investigacións orais, ou a redacción de memorias e de relatos de infancia” (Caspard, 2001:80). Tamén desde a historia do dereito, que inclúe o dereito canónico, proporcionáronse pautas que permitiron

¹ Os temas predilectos referíanse nese tempo substancialmente á política, á diplomacia, á relixión, á economía e á sociedade, facendo fincapé nas institucións, nas persoas de maior influencia ou nas grandes estruturas económicas e sociais; “de todo iso, a infancia está excluída, salvo, tal vez, a dos futuros grandes homes, príncipes, sabios ou escritores, aos que por ese feito se atribúe unha atención mínima, pero socialmente pouco representativa” (Caspard, 2001:80).

² Podemos destacar como traballos de revisión historiográfica que consideramos de referencia no contexto español sobre a historia da infancia e a historia da educación infantil os máis recentemente publicados de Dávila e Naya (2015), que se deteñen nos novos enfoques sobre a infancia na historiografía educativa no último decenio; e o de Sanchidrián (2010), centrado particularmente na historia da educación infantil e da atención á infancia en España, entre outros textos de interese sinalados en Colmenar e Rabazas (2015).

³ Foi Arnold van Gennep quen, no 1909, formulou a teoría dos “ritos de transición”, xeralmente adoptada desde entón. Boa parte dos “ritos de transición” refírense ás idades da infancia, da adolescencia e da xuventude. Segundo Caspard (2001), as teses de Van Gennep, que nun principio permaneceran á sombra, comezarían a influenciar os traballos dos historiadores a partir dos anos 70, xa que moitos deles adoptarán esta perspectiva investigadora etnográfica das sociedades “tradicionalis”.

comprender non só o dereito relativo á infancia, senón tamén as concepcións ou representacións da infancia sobre as que se fundamentaba; por iso “nesta tradición, non sorprenderá que unha das primeiras obras colectivas consagradas á infancia fora, en 1976, un libro da Sociedade Jean Bodin, que reunía a xuristas e historiadores de dereito⁴” (Caspard, 2001:81).

Desde a historia da literatura tamén se estudaron as ideas e as representacións da infancia presentes en obras de grandes escritores como Rabelais, Montaigne, Rousseau ou Víctor Hugo, mentres que outros xéneros de menor recoñecemento foron relegados a un plano secundario –tales como a literatura infantil–; non sendo ata a década dos pasados 70 cando “debutará a grande moda, que aínda non se esgotou, dos estudos referentes á historia da imprenta e da literatura infantís, incluíndo os debuxos animados. As representacións da infancia, da adolescencia e da xuventude transmitidas por esta literatura constitúen un dos temas recorrentes das investigacións neste campo” (Caspard, 2001:81). Incluso se realizaron estudos desde a denominada “historia da ensinanza”, cun carácter pouco relevante ata os anos sesenta, elaborados entón por parte de profesorado e funcionariado da Ensinanza Pública, que daba preferencia a temáticas relacionadas coas políticas escolares e coas ideas pedagóxicas. O suxeito infantil aparecía daquela “como representación dos pedagogos, como unidade contábel para os administradores, ou ben como futuro cidadán por educar; nin el nin a súa familia eran considerados en si mesmos como suxeitos, e logo como obxectos da historia” (Caspard, 2001:81).

Os numerosos estudos que comezaron a realizarse a partir da década dos sesenta procedían maioritariamente dos contextos europeo e norteamericano, sendo a infancia unha cuestión de interese incipiente nese tempo, “interese que non é alleo ás últimas orientacións da historiografía, e da demografía histórica, da historia da educación, da historia da familia ou da historia das relacións de xénero” (Borrás Llop, 1996). Segundo Caspard (2001) foi a demografía histórica a que sentou as bases máis sólidas dunha historia da infancia⁵. Neste terreo foron pioneiros a partir dos anos 50 Jean Meuvret, Pierre Goubert ou Lois Henry, que comezaron a traballar no seo da Sociedade de Demografía Histórica, chegando a constituír á infancia como obxecto da historia e a establecer, por vez primeira, unha información estatística rigorosa sobre todo o que pode designar á infancia como grupo concreto dentro dunha poboación global⁶.

A riqueza e abundancia dos datos obtidos permitiu entón determinar a precisa evolución cronolóxica dos fenómenos observados (polo menos desde o século XVII) e, deste xeito, esta disciplina ao principio esencialmente cuantitativa, levou a un mellor coñecemento das actitudes, dos comportamentos, das representacións e das mentalidades cara ao neno, xa que os índices de

⁴ A obra en tres volumes *L'enfant. Recueils de La Societé Jean-Bodin*, editada en Bruxelas por parte da Librairie Encyclopédique.

⁵ Aínda que con respecto á propia historia da infancia este autor expón que non poderíamos falar da existencia de tal campo de investigación específico, xa que foi o resultante de investigacións levadas a cabo desde moi diversas perspectivas que só poden converxer parcialmente; de aí a “dificultade, aínda na actualidade, de escribir unha historia da infancia ou da xuventude que sexa algo máis que unha suma de puntos de vista relativamente heteroxéneos” (Caspard, 2001:82)

⁶ Desde 1973, os *Annales de démographie historique* consagraron un número especial ao tema *Enfant et sociétés*.

fecundidade, a importancia das prácticas contraceptivas e o abandono de nenas e nenos, entre outros fenómenos, demostraron ser moi reveladores do lugar socialmente atribuído á infancia (Caspard, 2001). Ao cruzar os datos propiamente demográficos con indicadores sociais puido escribirse unha historia social da infancia, diferenciada segundo os medios, as profesións, as rexións xeográficas ou diversos criterios culturais. Podería dicirse pois que a demografía histórica bateu e entrelazouse con algúns dos interrogantes da historia social, que se atopaba sumida nun tempo de renovación desde finais dos 60, ampliando os seus horizontes limitados polas barreiras da investigación histórico-política e histórico-institucional, introducíndose na esfera privada da familia, das mulleres e da infancia (Ulivieri, 1986). Estes traballos tratan fundamentalmente de recuperar o lugar que tradicionalmente lle foi negado ou ben ocultado ao mundo infantil na historia, con todas as dificultades que comporta recobrar estas pegadas e voces.

Foi neste momento cando as ciencias sociais se afastaron da análise das clases sociais hexemónicas para interesarse polas minorías sociais, entre as que figuran as nenas e os nenos, e os interrogantes de investigación pasaron do plano “económico” ao “mental” e cultural, outorgando interese á análise de todos os procesos de formación, de educación, de socialización e de inculcación da sociedade. Desta maneira, a historia cultural, a historia social, a historia das mentalidades, así como os relevantes estudos e formulacións elaboradas por Foucault⁷ en relación coa xenealoxía, a biopolítica e as historias dos individuos, contribuíron tamén á constitución da infancia como campo de investigación, tendo como un dos seus obxectos principais poñer de manifesto as representacións sociais do neno e a súa evolución ao longo dos séculos.

A obra *L'enfant et la vie familiale sous l'Ancien Régime* (publicada no 1960) de Philippe Ariès foi pioneira no campo propiamente histórico, suscitando novos interrogantes⁸, aínda que non tivo verdadeiro recoñecemento ata a década posterior. Nesta obra o francés expón que a infancia non foi recoñecida como unha etapa vital estritamente diferenciada ata o século XVI. O autor recolle pois evidencias (a partir da análise de cadros, retratos, monumentos funerarios, vestimentas, xoguets, testemuñas literarias e outros elementos culturais) de que foi no Renacemento cando se comezou a experimentar unha percepción sentimental da infancia como período distinguido da adultez. Concibe Ariès que na Idade Media non existía tal percepción, senón que os nenos participaban da vida social na medida que eran capaces de valerse por si mesmos, e que só muda isto na Idade Moderna debido ao (lento) proceso de escolarización do suxeito infantil, que é integrado na progresiva “moralización da sociedade” e nos profundos cambios acontecidos no seo familiar. Ademais, considera que a partir

⁷ O teórico social e filósofo francés Paul-Michel Foucault (1926-1984) influenciou de forma moi considerábel as ciencias sociais e as humanidades, nomeadamente a través dos seus estudos críticos sobre as institucións sociais, así como mediante as súas análises en torno ao poder e as relacións de poder. Inicialmente asociado ao estruturalismo, do que logo se distanciou, empregou os métodos de dito enfoque nos seus traballos. Os estudos sobre o que el mesmo designou como “biopolítica” formulan, entre outras cuestións, que os nenos e as nenas son vítimas da biopolítica do control disciplinario ou da construción da súa propia subxectividade. As teses foucaultianas influenciaron en parte os enfoques máis recentes que poden camiñar desde a idea de compaixón ata o enfoque de dereitos con respecto á infancia.

⁸ Seguindo a Borrás Llop (1996:13) poderíamos dicir que orixinou “cegas adhesións, pero tamén debates e interrogantes fecundos”.

do século XVIII e fundamentalmente entre sectores da burguesía en ascenso comezaría a gañar terreo a “intimidade da vida privada familiar” de cara á sociedade, o que consolidaría unha maior conciencia de identidade e pertenza dos integrantes da familia (Bajo Álvarez e Betrán Moya, 1998). Esta, entre outras das súas afirmacións foron posteriormente cuestionadas por diversos teóricos⁹, pero é indubidábel que “o seu traballo abriría unha senda de indagación que marcaría un punto de inflexión no pensamento contemporáneo en torno á infancia” (Creus e Domingo, 2013:27), tendo en conta que foi, en certa medida, o primeiro estudoso das representacións da infancia¹⁰.

Hai autores, como é do caso sinalar a Bajo Álvarez e Betrán Moya (1998), que afirman que o debate aberto por Ariès estaba xa perfilado na obra de Norbert Elias (1939), *El proceso de civilización*, aínda que esta non acadou notoriedade ata os anos 70. Para Elias o proceso de civilización implicaba o control dos instintos, “fenómeno que apenas tiña sido bosquexado durante a Idade Media con respecto aos séculos posteriores. Nos primeiros tempos da Idade Moderna, un conxunto de manuais prácticos ensinaban aos adultos como debían comportarse, distanciándose así do mundo dos nenos. Este foi o punto de partida de Ariès” (Bajo Álvarez e Betrán Moya, 1998:12). Con estes principios, abríronse novos paradigmas en torno á temática da infancia e da familia¹¹, fundamentalmente a partir das críticas realizadas por parte de medievalistas a esta visión trazada por Ariès.

Outra temática de grande importancia estivo constituída, seguindo a Compère (1995) e a Caspard (2001), polo que á aculturación e á socialización das xeracións máis novas atinxe, dando como froito moi variadas investigacións, entre as que destacou a obra de Michel Foucault (sobre todo *Surveiller et punir*, 1975). Seguindo o seu exemplo estudáronse os “axentes de control social” (entre os que a escola e a familia ocupaban un lugar privilexiado), a organización e os regulamentos escolares, a institucionalización da familia, o contido dos medios de comunicación de masas destinados á infancia e á xuventude (para coñecer e afondar nas ideoloxías que transmiten e nos seus posíbeis “efectos”), os manuais escolares de todas as disciplinas, a literatura infantil, a prensa infantil e os debuxos animados. Nesta liña tamén a xuventude foi obxecto de estudos particulares:

⁹ A este respecto afirma Pancera (2005) que resulta precisamente a actividade crítica o impulso para o xurdimento dunha nova fase de estímulos na investigación histórica, “de feito, ao ter que rebater as novidosas ideas de Ariès –aínda que fora sensato impulsar unha renovación historiográfica– necesitaba de reflexións, relecturas de textos e documentos (que el mesmo aportou, ou que eran xa de dominio público), revisións, novas investigacións; ben para podelo criticar, ben para proporcionar interpretacións distintas, que se consideraran máis correctas ou máis fundamentadas respecto as que el mesmo se atreveu a expoñer” (Pancera, 2005:41).

¹⁰ Indican Becchi e Julia (1996) que a pesar de que Ariès é considerado fundador da historiografía do neno, non se lle reconece como “autoridade” metodolóxica entre historiadores da arte, fundamentalmente debido a que, para xustificar as súas teses en relación ao nacemento do “sentimento” da infancia, este baseouse sobre todo en obras de arte (pinturas e esculturas) e foi Marie-Rose (Primerose) Lascazas de Saint Martin, historiadora da arte casada con Ariès desde 1947, quen lle ensinou a interpretar os textos icónicos. Neste sentido e atendendo ás consideracións de Becchi e Julia (1996) podemos aludir a que as achegas sobre as testemuñas iconográficas proxectadas por Ariès foron cuestionadas na obra de Durantini (1983).

¹¹ Nesta cuestión detense Ferreira (2000) na súa obra *Gerar, Criar, Educar. A criança no Portugal do Antigo Regime*.

os grupos de bachareis, as sociedades de varóns ou as abadías de xuventude nos tempos antigos, os padroados católicos ou laicos, os movementos de xuventude, entre outros.

Con estes preceptos podemos aludir a unha notábel evolución no que á historia da infancia e da adolescencia se refire, e tamén de moi diversas formas de ver e de comprender a infancia, das que destacamos, pola pegada que deixaron na historiografía da infancia, a visión do historiador francés Ariès, quen no marco da historia da vida privada das sociedades concibiu a infancia como un “sentimento moderno”; posteriormente, a do estadounidense Lloyd deMause, quen ubicou a historia do neno no curso dun proceso “psicoxénico” de evolución das pautas ou modelos de crianza; ou a perspectiva de Foucault, quen sitúa a construción dun modelo de infancia acorde cos poderes dominantes na Modernidade, entre outras. Toda a diversidade de perspectivas ou enfoques históricos foi tamén interpretada á luz das críticas realizadas por parte de Egle Becchi, Dominique Julia e Jacques Gélis (Alzate Piedrahita, 2003). Entre estas visións poden apreciarse dúas grandes tendencias sobre as que xiran todas as demais que, segundo Caspard (2001), serían as predominantes ata a actualidade na historiografía da infancia:

- Unha que tende a destacar o papel da escola e das institucións propias das sociedades modernas e contemporáneas na construción dos diferentes grupos de idades, “descubriendo” ou “inventando” así a infancia, a adolescencia e a xuventude. Esta foi xa unha das hipóteses de Ariès, cando afirmaba que ata o século XVI as crianzas eran consideradas parte da sociedade adulta (polo menos desde que saben camiñar e falar). Nesta perspectiva asumíase que a creación ou a extensión da escolarización provocou a diferenciación entre infancia e adultez¹² e, polo tanto, o desenvolvemento de pautas de interacción social diferentes¹³. A actitude do historiador sería neste caso a de prestar maior atención ás rupturas, á cuestión das orixes.
- Outra, que salienta ou focaliza a súa atención en certas invariantes antropolóxicas ligadas aos grupos de idade. Autores como Jean-Pierre Néraudau, Danièle Alexandre-Bidon ou Didier Lett procuraron amosar a permanencia de certas invariantes dalgúns grupos de idade ao longo do tempo, definidos fundamentalmente polo desenvolvemento físico, psicolóxico e actitudinal: unha primeira infancia (de cero a tres anos, desde a saída dos dentes ata a fala); unha segunda infancia (dos tres aos sete anos, que conclúe coa idade da “razón” e a perda dos dentes de leite); unha terceira infancia (que termina cara os catorce

¹² Con este criterio tamén se expresou Jean-Noël Luc ao falar do “invento do neno pequeno” no século XIX, mostrando de que forma as salas de asilo (creadas en París no 1829) e as escolas de párvulos construíron a idea dunha “segunda infancia”, dos tres aos seis anos de idade, cunha psicoloxía e un comportamento que lle son propios. Destaca Caspard (2001) que a idea desta segunda infancia é aínda moito máis antiga, só que estaba reservada a unha elite ou aos nenos precoces (como é o caso dos “nenos prodixio”, que viviron a súa “idade de ouro” no século XVIII).

¹³ Seguindo estes preceptos Agnès Thiercé centrouse na “invención” da adolescencia no século XIX, como idade intermedia entre a infancia e a xuventude, coa creación de institucións específicas. Partindo desta consideración asumírase que os “primeiros adolescentes” foron os alumnos dos institutos de segunda ensinanza de orixe burgués, que prolongaron os seus estudos máis alá dos 13 ou 14 anos de idade. Os fillos doutras clases ou sectores sociais menos privilexiadas estarían pois, nun primeiro momento, “privados de adolescencia”, para logo descubrir actividades adaptadas á súa idade.

anos), e unha adolescencia e unha xuventude que ofrecen menos referencias naturais e que obedecen en maior medida ás convencións sociais e xurídicas. A actitude do historiador neste caso radicaría na maior sensibilidade cara as continuidades, “podendo chegar, ao extremo, ata a historia inmóbil dos etnólogos” (Caspard, 2001:88).

Afirma, igualmente, Caspard que:

os historiadores que poñen en evidencia o papel das institucións, e sobre todo da escola, na constitución dos grupos de idade, son, significativamente, máis ben historiadores da época contemporánea, ou de finais do Antigo Réxime. Os interesados na Antigüidade ou no Medioevo teñen máis tendencia a recalcar certas invariantes antropolóxicas que rexen aos grupos de idade (Caspard, 2001:88).

Agora ben, como sinalan Bajo Álvarez e Betrán Moya (1998:13), “as cuestións que preocupan hoxe máis aos historiadores xa non se encamiñan pola vía da discusión sobre a existencia ou ausencia dun sentimento ‘moderno’ da infancia, senón pola de coñecer a natureza dese sentimento en cada etapa histórica e contexto social particular”. A infancia como obxecto do estudo histórico actual comprende a nenos e a nenas, todos suxeitos concretos observados nun marco social, entendendo que “o neno é, polo tanto, un ser á vez real e imaxinado, portador de significados e de ideoloxías” (Bajo Álvarez e Betrán Moya, 1998:13), e tendo tamén presente que non existe só unha infancia, senón moitas e todas elas diferentes; tal e como indica Becchi na presentación a Dávila e Naya:

en plural e con distintas voces (...). A infancia, como unha categoría conceptual, ao igual que o seu referente –os nenos e as nenas, de todas as partes e de todos os tempos– require esa maneira poliforme de achegarse. Non só en canto aos espazos que ocupa, senón en canto ás súas representacións, imaxes e visións (Becchi; cit. en Dávila e Naya, 2005:17).

En todo caso, debemos recalcar que, en xeral, a meirande parte dos estudos de tipo histórico sobre a infancia que se desenvolveron amosan unha visión nesgada ou parcial da realidade¹⁴; como formula DeMause “é innegábel que os historiadores veñen escribindo desde algún tempo sobre os nenos en épocas pasadas, pero (...) a maior parte destas obras dan unha visión deformada dos feitos da infancia nos períodos que abarcan” (DeMause, 1994:18), afirmando el mesmo que a idealización dos primeiros anos de vida adoita estar moi presente nos relatos elaborados por parte de biógrafos oficiais, de sociólogos da historia e de historiadores da literatura. A isto podemos engadir as complicacións xurdidas ao querer estudar as “diversas infancias”, cando a información da que dispoñemos a través das distintas fontes se restrinxen habitualmente (sobre todo en determinados períodos históricos) a unha infancia ideal ou idealizada, ou a aquela infancia relacionada coas clases sociais dominantes de cada período e lugar. Por este motivo, as cuestións ás que temos acceso relativas á infancia non poden ser sempre xeneralizábeis, senón expoñentes concretos dunha infancia pertencente, ou á sociedade marxinal (da que poucas referencias quedan e as que quedan están a ser un dos obxectos de estudo dominantes), ou á minoría privilexiada que foi tradicionalmente obxecto de estudo (Gutiérrez Gutiérrez e Pernil Alarcón, 2004).

¹⁴ Non querendo referirnos con esta visión nesgada ou parcial a aquela requirida ou inherente á propia práctica interpretativa necesaria do historiador.

Ademais, practicamente só podemos aproximarnos aos sentimentos, pensamentos, alegrías e pesadumes de nenas, nenos e adolescentes, a través das testemuñas que sobre isto deixou o mundo adulto (Bajo Álvarez e Betrán Moya, 1998)¹⁵, o que pode supoñer xa de por si unha considerábel “desfiguración”. Un mundo adulto tamén en certa medida “desfigurado” se reparamos en que este se expresou, durante boa parte da historia occidental, parcial ou unilateralmente a través do pensamento dos máis destacados teóricos ou pensadores (homes) de cada época. Pero é verdade tamén que non poderemos comprender os conceptos que prevalecen nunha determinada cultura (entre eles os propios conceptos do mundo, do ser humano e da infancia) se non coñecemos o que nos din os adultos (ou uns poucos adultos concretos) sobre como desenvolven as súas interaccións cos nenos e adolescentes nesa sociedade concreta. A complexidade que todo isto encerra, mesturada coas lagoas existentes no propio coñecemento das vidas das nenas, dos nenos e das adolescentes (derivadas en parte da tradicional falta de consideración da infancia nas coordenadas da historia), poderá en múltiples ocasións impedirmos coñecer as súas realidades, sobre todo no que a certos períodos históricos refíre.

Podería dicirse que no contexto peninsular hispano, as “historias das infancias” abordadas como obxecto de investigación desde o ámbito histórico-educativo están aínda en iniciación pois, tras ter superado un enfoque “excesivamente institucionalista propio da historiografía tradicional da educación” (Borrás Llop, 1996:13), é certo que se ampliaron os seus horizontes, mais probabelmente aínda permanecen excesivamente dependentes doutros temas ou ámbitos de estudo, como poden ser a historia da escola, a historia da familia ou a historia das mulleres, entre outros.

A pesar de que esta historiografía non ocupou ata agora un lugar destacado orixinou, porén, unha revisión da historia da educación en xeral, ao atender aos nenas e nenos que se están educando; isto implicou “pensar a educación en sentido amplo, para poder incluír todos os ambientes e situacións nas que o neno poida aprender” (Sanchidrián, 2010:73). Así, de forma relativamente recente apareceron en España varias obras centradas xenericamente na historia da infancia, e entre elas podemos destacar: Pancera (1993), Borrás Llop (1996), Santolaria Sierra (1997), Delgado Criado (1998), Bajo Álvarez e Betrán Moya (1998), e Gutiérrez Gutiérrez e Pernil Alarcón (2004). A todo este repertorio, habería que engadir aínda outras obras ofrecidas desde diversos lugares de Europa, entre elas citamos un monográfico sobre a infancia en Europa (AA. VV, 1992), a Levi e Schmitt (1996) e a Becchi e Julia (1998a, 1998b), polas influencias que puideron suscitar nas sinaladas anteriormente¹⁶.

Falamos dun conxunto de textos redactados desde o mundo actual, onde gañan presenza os dereitos da infancia; nos que medra o interese pola súa educación e pola concienciación da sociedade e das familias a este respecto; onde se pretende que a interacción entre os diversos axentes educativos sexa cada vez maior, desenvolvéndose unha atención específica aos nenos e adolescentes

¹⁵ Para destacar este feito de que somos as adultas e adultos quen escribimos a historia de nenas e nenos, xa se interrogaban Becchi e Julia no ano 1996: “Historia da infancia. Historia sen palabras?”.

¹⁶ Ás que habería que sumar algunhas publicacións que nos chegan desde o territorio anglosaxón, entre as que destacamos as citadas en Sanchidrián (2010), quen contempla que “tamén neste terreo, a historiografía anglosaxona lévanos certa vantaxe” (Sanchidrián, 2010:77).

considerados “en risco”, e no que de cada vez son máis os colectivos, asociacións e organizacións públicas e privadas que irrompen o silencio e os tabús tradicionais. Hoxe tamén son efectivamente máis o número de educadores e de familias convencidos de que o maltrato psíquico e físico anulan a chegada á idade adulta con equilibrio e madurez, así como a integración social (Delgado Criado, 1998). Ademais, valoramos que a estimábel presenza da historia da infancia e da súa educación nos planos de estudo universitarios, está permitindo a maior apertura e divulgación de novos campos de investigación.

O ESTUDO DA INFANCIA E DA ADOLESCENCIA HOXE

Nas últimas décadas do século XX a visión da infancia como un “período especial da vida” sufriu fortes ataques e, á vez, resistiu, quizais porque unha das peculiaridades do século XX e “a raíz de grande parte da confusión actual e do ‘medo’ cara a infancia, é que uns defenden que os nenos son persoas con dereito a un certo grao de autonomía e outros, desde a perspectiva romántica, argumentan que o neno ten dereito a ser neno” (Cunningham, 1995:190). Consideramos, con Sanchidrián (2010), que podemos situarnos nunha ou noutra postura, pero sempre sabendo que a clarificación das forzas presentes en cada momento histórico axudarán a explicar as relacións entre nenas, nenos, adultas e adultos, que variarán, ademais, en cada contexto en función doutras variábeis como as clases sociais, os niveis culturais ou as relacións de xénero, entre outras dimensións. Neste camiño indica Pinilla (2011) que non é doado sintetizar o que prevalece nunha longa realidade froito da creación cultural en relación a un concepto evolutivo como é o de infancia, no que interveñen con notoriedade as diversas relacións entre persoas adultas, marcadas por factores de carácter económico, demográfico, político, psicolóxico ou moral, e no que existiron e existen elementos diferenciais segundo o xénero, a orixe e a clase social.

A este respecto Gutiérrez Gutiérrez e Pernil Alarcón realizan unha interesante achega ás *Luces e sombras no proceso histórico da infancia. O neno hoxe* (Gutiérrez Gutiérrez e Pernil Alarcón, 2004:306-336), trasladando novas dilucidacións sobre o perfil da infancia presente como “consecuencia”, “produto” ou “final” do proceso histórico, aludindo ás cuestións que reflectimos deseguido, reformuladas cos nosos criterios, polo interese que consideramos nelas recae. Pensamos que poden ser aspectos a ter en conta ao facer referencia á infancia, da adolescencia e das súas representacións no mundo actual e, polo tanto, de cara á proxección de investigacións vinculadas de algún modo con este campo¹⁷:

— *As ambigüidades no trato dos nenos, das nenas e dos adolescentes.* Partindo da investigación de Richardson (1996) na que se examina esta temática asumindo que a infancia é unha *categoría histórica e social forxada con ambivalencias*¹⁸, as autoras comprenden que o historiador debe ser, por necesidade, “estudante das ironías do cambio”, xa que o estudo da infancia e da adolescencia implica:

¹⁷ Cabe dicir que todos estes interrogantes son tomados en consideración na elaboración deste traballo.

¹⁸ Apreciándose como unha metáfora historicamente manipulada desde a inconsistencia e a debilidade, e véndose máis como un potencial do progreso económico e produtivo que como unha realidade dentro dunha etapa da vida con necesidades especiais e dereitos propios.

un dos máis sucintos problemas da historiografía posmoderna, unha materia ilusoria con documentos inestábeis cargados de interpretacións mesturadas dos outros. Incluso as fontes de evidencia están contaminadas inevitabelmente pola memoria e a inmaduridade substituída polas autoridades adultas e os cambios nas actitudes sociais. O historiador debe dar un paso de confianza nos paradoxos das fases do recoñecemento e distorsión da materia que caracteriza a fugaz e ilusoria realidade da experiencia dos que están en vías de ser adultos (Gutiérrez Gutiérrez e Pernil Alarcón, 2004:309).

- *A infancia explotada, marxinalizada, abandonada, ignorada, maltratada, acosada, secuestrada, perdida e asasinada.*
- *Os nenos, nenas e adolescentes “acelerados” e os seus posíbeis “riscos” dentro das sociedades occidentais actuais.* Os rápidos cambios sociais nas comunidades, nas familias, nas escolas, nos traballos; as influencias e saturacións dos medios de comunicación; as tecnoloxías; as altas expectativas e presións das persoas adultas sobre as nenas e nenos; o illamento do contacto familiar e comunitario; a sobrecarga horaria e de responsabilidades, entre outros posíbeis factores vencellados ao capitalismo e xeradores de malestar, de estrés ou da desesperación, entre outras moitas consecuencias, fan que chegue a haber autores que nos falan hoxe en día do “neno apresurado”, como aquel que vive en constante desequilibrio apresurándose a ir cara o mundo dos adultos, e incluso da “desaparición da infancia” (cuestión abordada por autores como Elkind, Suransky, Postman, Meyrowitz, entre outros). Segundo Gutiérrez Gutiérrez e Pernil Alarcón (2004), os autores destas teorías argumentan que os nenos de hoxe son dramaticamente diferentes dos de épocas históricas precedentes, presupoñendo unha “Idade de Ouro” da infancia na que nenas e nenos eran inocentes, despreocupados e protexidos, sendo estes esforzos inadecuados, como pode comprobarse a partir das grandes obras e investigacións en torno á historia da infancia¹⁹. Ao noso parecer, cremos que se pode facer mención á desaparición dalgúns dos conceptos de infancia, da aparición doutros novos e incluso da persistencia doutros entre determinados grupos sociais no decurso da historia, pero non podería aludirse á desaparición da “infancia” e das súas representacións como constructo social do que se trata, e polo tanto, variábel segundo o contexto ao que esteamos a referir. Concordamos con Sanchidrián (2010) en afirmar que non hai dúbida de que as tecnoloxías, e en xeral as sociedades capitalistas nas que habitamos²⁰, mudaron as nosas vidas e, igualmente, están cooperando na construción dun novo concepto de infancia que bate, en certa medida, coas concepcións tradicionais. Así, poderíamos reiterar que as mudanzas sociais están

¹⁹ Entre as que Gutiérrez Gutiérrez e Pernil Alarcón (2004) sinalan os traballos de Ariès (1960); DeMause (1994); Pollock (1983); ou Shorter (1975).

²⁰ Valoramos que a “mercadorización” e o control das necesidades dos nenos, nenas e adolescentes (e incluso a creación doutras necesidades ilusorias mercé aos intereses do propio mercado) perverte a súa racionalidade natural en beneficio dos intereses económicos. Así acontece actualmente nos eidos: da saúde, a través da patoloxización e farmacoloxización dos patróns condutuais non normativos; do ocio, vencellado a un consumo individualista e exacerbado de produtos “prefabricados” marcados por nesgos de xénero, clase social, etnia, condición sexual, etc.; da alimentación industrial en prexuízo da local; da comunicación dixital en detrimento da comunitaria; e incluso dos tempos, controlados ao servizo dunha suposta conciliación que camiña cara a procura de rendementos e méritos intercambiábeis no mercado do coñecemento; entre outros.

construíndo novos roles dos nenos como obxecto de consumo e como consumidores, e destruindo outros tantos ligados a valores probabelmente máis desexábeis. Neste sentido, cremos que poderíamos falar non tanto de menores ou de mocidade en risco, senón que deberíamos, ao noso parecer, poñer máis énfase nos riscos que leva de seu vivir nas sociedades nas que vivimos, podendo aludir entón a “sociedades de risco” (para todas e todos nós, para as nosas vidas e, polo tanto, tamén para as vidas das crianzas) e “en risco” (poñendo o acento tamén nas teorías do decrecemento e nos máis recentes estudos medioambientais).

- *O neno ¿ameaza? ou ¿víctima?*: a partir dos estudos da socióloga Barrie Thorne, investigadora da estrutura familiar desde os diversos condicionamentos de xénero, lingua e sexo, pregúntanse as autoras polo lugar que nenas e nenos ocupan a finais do século XX. Seguindo esta liña de investigación (marcada pola revisión da imaxe do neno desde a perspectiva do adulto e das incidencias que o cambio social exerce nisto) defínense tres imaxes do neno no mundo contemporáneo: como ameaza para a sociedade adulta, como vítima, ou como aprendiz da cultura. Estas imaxes parten das nocións que comezan a xerarse no século XIX en Inglaterra e Estados Unidos, do problema que representa a delincuencia xuvenil como ameaza da orde social. Fronte a isto, a figura do neno como vítima cobra especial énfase nos tempos recentes, poñendo de relevo o problema do abuso ao neno por parte do adulto. A presenza do neno como figura inocente suxire que hai vítimas sen culpabilidade, pero ao mesmo tempo preséntase como ameaza cando representa un problema social. Desde o ano 1982 xorden múltiples traballos que xiran sobre este núcleo temático, nos que os contidos dominantes son: “a desaparición da infancia”, “os nenos sen infancia”, “a infancia acelerada”, “a infancia en perigo”, “a erosión da infancia”, entre outros²¹.
- *O pai e a crianza do neno*: este é un tema moi debatido hoxe pola escasa importancia que tradicionalmente se lle veu asignando á figura paterna con respecto ao papel asumido pola nai na crianza e acompañamento das nenas e nenos. Así, son moitas as investigacións que desde o punto de vista histórico se realizaron sobre a infancia e a familia, pero poucas sobre o papel do pai e as súas actuacións coas crianzas. Abundan os traballos sobre a diferenza de enfoques entre a Europa occidental e a América colonial, así como aqueles centrados na natureza e a severidade da paternidade patriarcal (como os estudos de Hunt, Ozment ou Pollock) e, desde 1800 os traballos históricos centráronse maioritariamente no rol da nai²². Neste sentido, os relativos cambios nos últimos anos do papel dos pais e das nais no eido familiar farían necesaria unha aproximación á integración da paternidade no desenvolvemento infantil. A partir de 1840 a abondosa literatura sobre o comportamento dos pais coas súas fillas e fillos estaba dirixida ás nais, asumíndose que eran estas as únicas que tiñan a responsabilidade da crianza (ademais de incorporar todos os nesgos e

²¹ Todos estes rótulos son descritores dos nenos actuais que se presentan como vítimas, desprovistos da protección adulta, sometidos á competitividade, a abusos sexuais, a manipulacións, vítimas da droga e doutras múltiples adicións relacionadas co mundo no que se sitúan.

²² Algúns investigadores trataron de explicar esta ausencia do pai en relación co xurdir do fenómeno do feminismo a finais do XIX e comezos do século XX; pronúncianse a este respecto Elder, Modell e Parke (1993).

condicionamentos propios das sociedades patriarcais), pese a que xa desde o século XVIII nas sociedades occidentais existe unha redefinición da familia en termos emocionais e políticos, fronte a modelos patriarcais que, con todo, seguen prevalecendo.

- *Do neno propiedade ao neno persoa*. As autoras contemplan o feito de que os estudos da historia da infancia foron modificando a propia historia da infancia e o seu concepto, achegándose a aspectos como os seguintes: o lugar do neno actualmente como individuo en grupo; unha nova exposición sobre o neno en si con aproximacións sociais, culturais e psicolóxicas; a consideración dos nenos como seres en crecemento con todas as súas dimensións sociais, institucionais, económicas, culturais e políticas que tecen un mundo de relacións; e a necesidade de tomar en consideración a súa compoñente histórica, que nos achega datos do propio coñecemento do ser humano. Durante séculos os nenos foron tratados como propiedade e só recentemente comezaron a ser considerados como iguais, feito que representa un paso moi relevante no movemento dos Dereitos do Neno. Neste cambio de mentalidade tiveron importante influencia as perspectivas filosóficas de Thomas Hobbes, John Locke e Stuart Mill, que alentaron coas súas teses a protección do neno e os límites da súa liberdade ata que eles sexan quen de facer e de comprender.
- *Achegas da Convención da Infancia*. Destacan as autoras que foron moitos os pasos que se deron para asentar a dignidade da persoa por enriba de calquera outro interese, entre os que cómpre mencionara a *Declaración de Xenebra* (1924) que inflúe na *Declaración dos Dereitos do Neno*, na *Carta das Nacións Unidas*, e na *Declaración Universal dos Dereitos Humanos* de 1948. A *Conferencia da Casa Branca sobre os nenos* (1930) e a *Declaración dos Dereitos dos Nenos* de 1959, estaban, pola súa parte, tamén totalmente dedicadas á protección e aos dereitos de nutrición do neno. No 1970, coa relación dos dereitos do neno elaborada pola conferencia da Casa Branca e a *Declaración dos Dereitos Psicolóxicos do Neno*, ponse máis atención na autonomía do neno. Por fin, a Convención de 1989, que cubre un amplo abano de categorías (saúde, educación, familia, malos tratos, liberdade), é a mellor expresión dispoñíbel da opinión internacional sobre os Dereitos do neno e ten a condición de tratado legal que debe cumprirse internacionalmente por todas as nacións que o ratificaron.

Máis alá do mencionado, cabe indicar que toda reconstrución da historia da infancia que se pode procurar non é doada e, a pesar de que nos últimos cincuenta anos a bibliografía sobre este tema foi abondosa, poden aínda detectarse certas problemáticas e controversias teóricas e metodolóxicas que:

parecen dificultar a consolidación dunha disciplina que toma á infancia como un obxecto de estudo en todos os seus espazos e representacións. O estudo da infancia, tamén desde a perspectiva histórica, antóllasenos como auga que esvara entre as mans. Trátase dunha historia caleidoscópica que varía a cada momento e que se ofrece a múltiples lecturas. Esta é a súa fortaleza e, tamén, a súa debilidade (Dávila e Naya, 2012:11-12)²³.

²³ Cuestión esta tratada por múltiples autores, entre os que salientamos a Becchi e Julia (1998a, 1998b), que engadiron interrogantes para construír unha disciplina como a historia da infancia; e a Catarsi (1991), que formulou certos problemas e perspectivas para a historia da infancia no caso italiano.

Neste sentido, xa se pronunciaba Sanchidrián (2010), facendo notar que un dos problemas máis preocupantes que se nos presenta ao querer construír unha historia da infancia é precisamente que incluír baixo tal denominación; isto débese fundamentalmente ao seu carácter interdisciplinar e á ausencia de pautas explícitas ou delimitacións que respondan á cuestión “¿que é a historia da infancia?”²⁴. Dar resposta a esta cuestión foi en ocasións unha tarefa obrigada debido a motivacións docentes suscitadas a raíz da aparición nalgúns plans de estudo de materias sobre a historia da infancia ou relacionadas con ela, e tamén na meirande parte dos Coloquios españois de Historia da Educación houbo alusións á necesidade de incidir máis nesta cuestión.

Na mesma liña, Dávila e Naya (2012) insisten en que escribimos sobre a historia da infancia sen coñecer ben os límites entre os que podemos movernos, non estando claros con respecto a “outras” historias (da familia, das mulleres, da escola, do xoguete, da literatura infantil, etc.)²⁵; e que a maior dificultade para poder facer referencia a unha Historia da Infancia con certa autonomía reside posibelmente no:

recoñecemento de que os nenos, nenas e adolescentes son suxeitos, como o resto dos seres humanos, e non meros obxectos dependentes e necesitados de axuda. Da aceptación desta premisa poderían derivarse beneficios importantes para enfocar dunha maneira diferente o estudo da infancia desde a perspectiva histórica. De aí que falar de dereitos da infancia e de educación non é un tema insignificante, senón que entronca nun novo paradigma que nos posibilita ver aos nenas e nenos desde outra perspectiva, sendo protagonistas da historia (Dávila e Naya, 2012:12-13).

A historia da infancia permite adoptar perspectivas socioculturais abertas, é dicir, sen limitarnos ao estudo da vida escolar ou familiar, mais tamén tendo estas cuestións presentes. Para Molero (1999) historiar a educación, e fundamentalmente a historia da educación infantil, presupón un achegamento formal á historia da infancia con todas as súas consecuencias epistemolóxicas e metodolóxicas. Cremos aínda importante lembrar que, como sabemos, o concepto da infancia non permaneceu inmutábel ao longo do tempo, pero poucos fan desta cuestión o centro de interese (Sanchidrián, 2010). Non se trataría pois de estudar nunha época e nun lugar determinado como era a vida dos nenos e das nenas, senón en centrarse no concepto de infancia e/ou nas súas representacións, en estreita correlación co anterior.

²⁴ Aínda que as delimitacións excesivas poden levar de seu dificultades. Neste sentido indica Catarsi (1991) que “a historia da infancia precisa de diversas competencias, e a infancia, tamén desde a óptica da historia social, aparece como un ‘obxecto historiográfico fortemente interdisciplinar’. É neste contexto tan apropiado polo seu carácter de fronteira onde xorde a contribución da historia da muller e a familia, a historia da medicina e a demografía, a da arte, o cinema, así como das artes figurativas en xeral” (Catarsi, 1991:1).

²⁵ Esta “confusión” pode verificarse non só a través dos propios estudos e traballos que din encadrarse baixo “historia da infancia”, senón tamén nas categorizacións que deles poden facerse en anuarios e revistas. A este respecto, afirma Sanchidrián (2010) que no *Anuario de Estudios da Infancia*, que abarca de 1980 a 1990, recollíanse máis de douscentos proxectos de investigación, dos que só oito eran de carácter histórico.

NOVOS RETOS E INTERROGANTES

A meirande parte dos estudos realizados co ánimo de establecer un campo de coñecemento arredor da historia da infancia atopáronse con abondosas dificultades, cousa que o campo sociolóxico parece que conseguiu superar (Dávila e Naya, 2012). A pesar deste panorama, Tiana Ferrer (2005) pode ofrecernos un intento de ubicar a historia da infancia como disciplina dentro da historia da educación²⁶, e cada vez son máis as obras, congresos e eventos científicos sobre a historia da infancia, o que beneficia ao apreciable aumento de coñecemento arredor deste campo. Indicaba Sanchidrián que se “van facendo achegas sobre a historia da infancia, pero sen entrar a fondo no tema da infancia como concepto construído, de forma que se veñen repetindo sobre todo as afirmacións de Ariès e DeMause a pesar, incluso, de non coincidir en moitos puntos” (Sanchidrián, 2010:74). Sendo así, habería que engadir a estes autores as perspectivas complementarias de Shorter (1975) e Stone (1977), posto que:

os catro manteñen a tese de que houbo cambios importantes nas actitudes e no trato cara os nenos, mentres que outros, como Anderson e Pollock defenden unha maior continuidade nos últimos cinco séculos, que a que estes autores dan a entender: son máis os elementos que se manteñen que os que cambian, cando menos desde 1500 e os debates sobre a infancia, o seu lugar na familia e na sociedade, a conveniencia ou non de segregala durante uns anos do mundo dos adultos, etc. foron máis circulares que lineais (Sanchidrián, 2010:74),

E, poderíamos engadir, tan circulares foron que este debate aínda hoxe en día non esgotou as súas posibilidades. Recentemente Kuhlmann e Fernandes (2004) exploraron a tensión entre “infancia” como categoría psicobiolóxica e/ou como categoría sociohistórica, facéndonos reflexionar sobre as diferenzas entre unha historia da infancia e unha historia do neno/a (ou ben unha historia dos discursos ontolóxicos sobre o que é ser neno) Podemos facer mención ás obras relativamente recentes de Fass (2004a, 2004b) e de Bardet, Luc, Robin-Romero e Rollet (2003); tamén foron apreciábeis contornas para a divulgación e o debate científico neste ámbito o 29º Congreso da ISCHE celebrado en Hamburgo no ano 2007: *Children and Youth at Risk Approaches in the History of Education*, e o XIII Coloquio da SEDHE (Sociedad Española de Historia de la Educación) celebrado no 2005.

Tamén son salientábeis os cada vez máis frecuentes estudo aparecidos en recoñecidas e prestixiosas revistas como *Paedagogica Historica*, *Historia de la Educación*²⁷, *Revista de Educación*²⁸, *Bordón*, *History of Education*, *Histoire de l'Éducation*, *Educació i Història*, *Revista*

²⁶ Existen múltiples obras xerais de Historia da Educación que inclúen entradas ou capítulos sobre a historia da infancia ou sobre a historia da educación infantil, por exemplo: Escolano (1985); Ruiz Berrio (1996); Costa Rico (2004). E tamén hai obras que sendo de Historia da Educación destinan algún capítulo á Historia da Infancia, abarcando cuestións como “os nenos e o traballo”, “a explotación infantil” e “as concepcións da infancia”, entre outras: Lozano (1980, 1994); ou Trilla (2001).

²⁷ Revista que dedicou o número 6 á historia da infancia onde, en conxunto, a infancia escolarizada recibe moito peso. Tamén o número 22-23 dedicou a súa parte monográfica aos “espazos de socialización e formación da mocidade no século XX”.

²⁸ Podemos destacar que a *Revista de Educación* dedicou a sección monográfica do número 347 a tratar a temática que xira en torno a “os dereitos da primeira infancia (0- 6)”.

d'Història de l'Educació, Sarmiento, entre outras²⁹; así como o continuo aumento de publicacións sobre a infancia en América Latina. Pero a pesar deste tan bulicioso horizonte co que podemos atoparnos, non volveu haber verdadeiramente máis debate sobre os fundamentos historiográficos da infancia desde aquel suscitado por Ariès arredor da década dos sesenta do pasado século (Dávila e Naya, 2012) e aínda son moitas as controversias por esclarecer.

O tema dominante nos estudos sobre a historia da infancia adoita estar relacionado coa infancia necesitada de axuda e de protección, coa infancia marxinal e/ou marxinal e coa protección da sociedade fronte a estes menores. Son pois, temas recorrentes: a infancia abandonada; a delincuencia xuvenil; a reeducación; as institucións para protección social, recollida, coidado, educación, reeducación, entre outras. Quizais foron os nenos pertencentes a estes denominados “grupos de (ou en) risco” os que máis atraeron aos historiadores, probablemente porque:

dentro da invisibilidade histórica dos nenos, estes grupos (orfos, abandonados, enfermos, delinquentes, vagabundos, etc.) eran os máis visíbeis e resultaban molestos para as xentes ‘benpensantes’. Eran os nenos que estaban nas rúas, xunto aos das clases populares, vivindo case nelas, xogando ou traballando, mentres que os ‘outros nenos’ estaban nas casas e nas institucións docentes (Sanchidrián, 2010:70-71).

Convén destacar tamén que foi só nos últimos anos cando comezou a agromar un maior número de traballos centrados no estudo da adolescencia e da xuventude, atendendo maioritariamente aos procesos de socialización da mocidade do século XXI, á historia do asociacionismo xuvenil e ás relacións entre ideoloxía e xuventude (Sanchidrián, 2010). A isto engaden Dávila e Naya (2012, 2015), que a época sobre a que adoitan xirar os traballos de historia da infancia oscila entre os séculos XIX e XX e os ámbitos territoriais máis estudados desde a nosa contorna occidental son Europa, América Latina e Estados Unidos. Ante esta situación pregúntanse os autores se estamos asistindo a unha hexemonía do estudo da infancia desde unha visión “traumática” e “vitimista”, centrada exclusivamente no estudo das situacións marxinais que viviron tantos nenos e nenas ao longo da historia. Ademais, na maioría destas obras a autoría adoita ser compartida e a elección dos temas, fontes e metodoloxías, moi variábel, o que aporta unha pluralidade que, ao tempo que enriquece, tamén dificulta a visión de conxunto. Fuxir dunha “historia traumática da infancia” (ou ben, ter claro que é esta a que se quere facer, destacando que esa visión non é a da historia da infancia en todo o seu conxunto) implica analizar a historia dos nenos e nenas como suxeitos históricos en toda a súa complexidade.

Hoxe en día algunhas das tendencias aparecidas nos anos 80 foron consolidadas pero, malia a presenza de novos temas e novas fontes en uso, os enfoques continúan a ser maioritariamente descritivos; por iso:

²⁹ Creemos oportuno citar tamén os Boletíns de Historia da Educación publicados pola SEDHE; a revista anual (desde 1998) centrada infancia e xuventude marxinal ou marxinais que intenta vincular a investigación histórica co ámbito profesional da educación especializada *Revue d'histoire de l'enfance "irregulière"*; e a revista *History of Education & Children's Literature* (HECL), que publica dous números ao ano desde 2006, promovida desde Italia con vocación internacional e que adoita abordar temáticas ligadas á historia da educación e da literatura e das publicacións para nenos e adolescentes, tamén no pensamento pedagóxico e nos manuais escolares.

bótanse en falta traballos de fondo que presenten cuestións conceptuais, que revisen os enfoques e que abran debates que permitan, realmente, avanzar a nosa disciplina. Hai entre nós certo desinterese cara a teoría, unha forte tendencia a facer cousas sen preguntarse primeiro o marco teórico no que nos situamos. Así, na historia da infancia estanse incluíndo novas formulacións historiográficas, quizais porque os ámbitos novidosos, tematicamente, están tamén máis abertos ás innovacións metodolóxicas, pero estes cambios deberían ir acompañados dunha reflexión polo que respecta ao que, para que, como, etc. (Sanchidrián, 2010:71-72).

Tamén, no que se refire ao estudo da infancia podemos destacar hoxe en día o relevante labor desenvolvido polos museos da infancia. Interesante e relativamente nova categoría museográfica que, a diferenza dos museos da escola, dos museos da educación e dos museos pedagóxicos³⁰ – particularmente concentrados en Alemaña e Europa Central, en Francia e na Península Ibérica– conta cun peculiar desenvolvemento en Gran Bretaña, onde existe unha rede de institucións museísticas (Museums of Childhood) dedicada ao estudo e conservación relativo á “cultura material da infancia”.

En atención, igualmente, ao estudo da infancia e das súas representacións teñen destacado no panorama luso-brasileiro as achegas brindadas por Moisés Kuhlmann a partir da publicación do seu libro, no ano 1998, *Infância e educação infantil: uma abordagem histórica*, centrado na análise do período comprendido entre o século XIX e o XX; así como as reflexións propiciadas por Sonia Kramer na obra colectiva *Infância e Educação Infantil* (1999), entre outras mencionadas por Arriada (2012). Non podemos deixar de sinalar os estudos de carácter historiográfico que, desde Portugal, nos chegan da man de Fernandes (2000), Fernandes e Filgueiras (2002), Ferreira (1998, 2000), entre outros; e, desde o Brasil, os máis recentes de Faria Filho e Veiga (1999), Monarcha (2001) e Gondra (2002), entre outros.

REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

- AA. VV. (1992). La infancia en Europa [Monografía]. *Infancia y Sociedad*, 15.
- Álvarez Domínguez, P. (2016). *Los museos pedagógicos en España. Entre la memoria y la creatividad*. Gijón / Sevilla: Ediciones Trea y Editorial Universidad de Sevilla.
- Alzate Piedrahita, M. V. (2003). *La infancia: concepciones y perspectivas*. Pereira (Colombia): Papiro.
- Ariès, P. (1960). *L'enfant et la vie familiale sous l'Ancien Régime*. París: Éditions du Seuil.
- Arriada, E. (2012). Em busca da infancia perdida: rastros, relatos, recordacións. En Barbosa e Delgado (Coords.), *A infância no ensino fundamental de nove anos* (pp. 89-106). Porto Alegre: Penso.
- Bajo Álvarez, F. e Betrán Moya, J. L. (1998). *Breve historia de la infancia*. Madrid: Temas de Hoy.
- Bardet, J. P., Luc, J. N., Robin- Romero, I. e Rollet, C. (Dirs.) (2003). *Lorsque l'enfant grandit. Entre dépendance et autonomie*. París: Presses de l'Université de Paris-Sorbonne.

³⁰ Sobre os museos pedagóxicos en España queremos destacar a recente obra de conxunto coordinada por Pablo Álvarez Domínguez (2016), *Los museos pedagógicos en España. Entre la memoria y la creatividad*.

- Becchi, E. e Julia, D. (Eds.) (1996). *Storia dell'infanzia*. Bari: Laterza.
- Becchi, E. e Julia, D. (Dir.) (1998a). *Histoire de l'enfance en Occident. Tome 1: De l'antiquité au XVIIe siècle*. Paris: Éditions du Seuil.
- Becchi, E. e Julia, D. (Dir.) (1998b). *Histoire de l'enfance en Occident. Tome 2: Du XVIII siècle à nos jours*. Paris: Éditions du Seuil.
- Borrás Llop, J. M. (Dir.) (1996). *Historia de la infancia en la España contemporánea, 1834-1936*. Madrid: Ministerio de Trabajo y Asuntos Sociales, Subdirección General de Publicaciones. Fundación Germán Sánchez Ruipérez.
- Bossard, J. H. (1948). *The Sociology of Child Development*. New York: Harper.
- Caspard, P. (2001). La infancia, la adolescencia, la juventud. Para una economía política de las edades desde la época moderna. En Martínez Moctezuma (Coord.), *La infancia y la cultura escrita*. México: Siglo XXI.
- Catarsi, E. (1991). La Historia de la Infancia en Italia: problemas y perspectivas. *Historia de la Educación: Revista Interuniversitaria*, 10, 21-32.
- Colmenar, C. e Rabazas, T. (Coords.) (2015). *Memoria de la educación. El legado pedagógico de Julio Ruiz Berrio*. Madrid: Biblioteca Nueva.
- Compère, M. M. (1995). *L'histoire de l'éducation en Europe. Essai comparatif sur la façon dont elle s'écrit*. Paris: Peter Lang.
- Costa Rico, A. (2004). *Historia da educación e da cultura en Galicia*. Vigo: Xerais.
- Creus, A. e Domingo, L. (2013). Miradas sobre la infancia. *Cuadernos de Pedagogía: Aprender a ser maestra, hoy*, 436, 26-29.
- Cunningham, H. (1995). *Children & Childhood in Western Society since 1500*. Londres: Longman.
- Dávila, P. e Naya, L. M. (Coords.) (2005). *La infancia en la historia: espacios y representaciones* (Vols. I-II). Donostia: EREIN.
- Dávila, P. e Naya, L. M. (2012). Infancia, Derechos y Educación: ¿Historias traumáticas?. *Educatio siglo XXI: Revista de la Facultad de Educación*, 30, 2, 11-24.
- Dávila, P. e Naya, L. M. (2015). Nuevos enfoques sobre la infancia en la historiografía educativa en el último decenio. En Colmenar Orzaes e Rabazas Romero (Coords.), *Memoria de la educación: el legado pedagógico de Julio Ruiz Berrio* (pp. 217-236). Madrid: Biblioteca Nueva.
- Delgado Criado, B. (1998). *Historia de la infancia*. Barcelona: Ariel Educación.
- DeMause, L. (1994). *Historia de la infancia*. Madrid: Alianza Universidad.
- Durantini, M. F. (1983). *The child in Seventeenth Century Dutch Painting*. An Arbor, Mich: UMI Research Press.
- Elder, G. H, Modell, J. J. e Parke, R. D. (1993). *Children in Time and Place*. New York: Cambridge University Press. DOI: <https://doi.org/10.1017/CBO9780511558269>
- Elias, N. (1987). *El proceso de la civilización: investigaciones sociogenéticas y psicogenéticas*. México: Fondo de Cultura Económica.
- Escolano, A. (Coord.) (1985). *Historia de la Educación. La educación contemporánea* (Vol. II). Madrid: Anaya.
- Faria Filho, L. M. e Veiga, C. (1999). *A infância no sôtão*. Belo Horizonte: Autentica.
- Fass, P. (2004a). *Encyclopedia of Children and Childhood in History and Society* (Vols. 1-3). New York: Macmillan Reference.

- Fass, P. (2004b). Niños, Historia y Globalización. *Revista de derechos de la infancia*, 3(4), 215-234.
- Fernandes, R. (2000). Notas em torno de retratos de crianças. *Educação e Pesquisa*, 26, 1. DOI: <https://doi.org/10.1590/S1517-97022000000100007>
- Fernandes, R. e Filgueiras, M. (2002). História Social da infância em Portugal: um território em construção. En Gondra (Org.), *História, infância e escolarização*. Rio de Janeiro: 7 letras.
- Ferreira, A. G. (1998). A criança no Antigo Regime. En Sousa e Catani (Eds.), *Práticas Educativas, Culturas Escolares e Profissão Docente*. São Paulo: Escrituras.
- Ferreira, A. G. (2000). *Gerar, Criar, Educar. A criança no Portugal do Antigo Regime*. Coimbra: Quarteto Editora.
- Foucault, M. (1975). *Surveiller et punir. Naisance de la prison*. Paris: Gallimard.
- Gondra, J. G. (2002). *História, infância e escolarização*. Rio de Janeiro: 7 letras.
- Gutiérrez Gutiérrez, A. e Pernil Alarcón, P. (2004). *Historia de la infancia. Itinerarios educativos*. Madrid: UNED.
- Karsten, P. e Modell, J. (Eds.) (1991). *Theory, Method and Practice in Social and Cultural History*. New York: New York University Press.
- Kramer, S. (Org.) (1999). *Infância e Educação Infantil*. Campinas: Papirus.
- Kuhlmann, M. (1998). *Infância e Educação Infantil: uma abordagem histórica*. Porto Alegre: Mediação.
- Kuhlmann, M. e Fernandes, R. (2004). Sobre a história da infância. En Mendes de Faria Filho (Org.), *A infância e a sua educação. Materiais, práticas e representações (Portugal e Brasil)* (pp. 15-33). Horizonte: Autêntica.
- Levi, G. e Schmitt, J. C. (1996). *Historia de los Jóvenes. Tomo II. La Edad Contemporánea*. Madrid: Taurus.
- Lozano, C. (1980). *La escolarización*. Barcelona: Montesinos.
- Lozano, C. (1994). *La educación en los siglos XIX y XX*. Barcelona: Síntesis.
- Molero, A. (1999). *Bases para una historia de la educación infantil en España. La figura de Eugenio, Bartolomé y Mingo*. Alcalá de Henares: Universidad de Alcalá.
- Monarcha, C. (2001). *Educação da infância brasileira (1875-1983)*. Campinas: Editores Associados.
- Padilla, A., Soler, A., Arredondo, M. L. e Moctezuma, L. M. (Coords.) (2008). *La infancia en los siglos XIX y XX. Discursos e imágenes, espacios y prácticas*. México: Casa Juan Pablos, Universidad Autónoma del Estado de Morelos.
- Pancera, C. (1993). *Estudios de Historia de la infancia*. Barcelona: PPU.
- Pancera, C. (2005). Complejidad y dificultades en la reconstrucción de imágenes y representaciones de la infancia en la historia social de la educación. En Dávila e Naya (Coords.), *La infancia en la historia: espacios y representaciones*. (Tomo I) (pp. 39-65). Donostia: Espacio universitario-EREIN.
- Pinilla, J. (2011). *La infância, una història fosca. Les condicions de vida dels nens a Catalunya a través dels segles*. Lleida: Pagès editors.
- Pollock, L. (1983). *Muchachos olvidados. Las relaciones entre padres e hijos de 1500 a 1900*. México: Fondo de Cultura Económica.
- Postman, N. (1988). *La desaparición de la infancia*. Barcelona: Círculo de Lectores.

- Richardson, J. T. E. (1996). *Handbook of Qualitative Research Methods for Psychology and the Social Sciences*. Leicester: PBS Books.
- Rodríguez, P. e Manarelli, M. E. (2007). *Historia de la infancia en América Latina*. Bogotá: Universidad Externado de Colombia.
- Ruiz Berrio, J. (Dir.) (1996). *La educación en los tiempos modernos. Textos y documentos* (Vol. I). Madrid: Actas.
- Sanchidrián, C. (2001). Historia de la infancia e historia de la educación infantil en los planes de estudio. En *La acreditación de saberes y competencias. Perspectiva histórica. XI Coloquio Nacional de Historia de la Educación* (pp. 840-851). Oviedo: Sociedad Española de Historia de la Educación, Universidad de Oviedo, Departamento de Ciencias de la Educación.
- Sanchidrián, C. (2010). Historia y perspectiva actual de la educación infantil. En Guereña, Ruiz Berrio e Tiana Ferrer (Eds.), *Nuevas miradas historiográficas sobre la educación en la España de los siglos XIX y XX*. Barcelona: Graó.
- Santolaria Sierra, F. (1997). *Marginación y educación. Historia de la educación social en España moderna y contemporánea*. Barcelona: Ariel.
- Shorter, E. (1975). *The making of the modern family*. New York: Basic Books.
- Tiana Ferrer, A. (2005). La historia de la educación en la actualidad: viejos y nuevos campos de estudio. En Ferraz, *Repensar la historia de la educación: nuevos desafíos, nuevas propuestas* (pp. 105-146). Madrid: Biblioteca Nueva.
- Trilla, J. (coord.) (2001). *El legado pedagógico del siglo XX para la escuela del siglo XXI*. Barcelona: Graó.
- Ulivieri, S. (1986). Historiadores y sociólogos en busca de la infancia. Apuntes para una bibliografía razonada. *Revista de Educación*, 281, 48.